

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 157/2023**

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por XXX, mediante escrito do 10 de maio de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 27 de xuño de 2023, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de maio de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 12 de abril de 2023, polo que se ten por desistida da súa solicitude de data 10 de marzo de 2023, de acceso -e copia- a diversos expedientes relativos a proxectos de execución de explotacións gandeiras enumerados no seu escrito.

XXX indicaba que con data do 21 de marzo de 2023, a Consellería lle require para que acredite a súa condición de interesada ante o cal, con data do 30 de marzo de 2023, formulou escrito de alegacións xustificando que as persoas solicitantes do dereito de acceso á información non están obrigadas a motivar a súa solicitude, a pesar do cal a Consellería desestimou a solicitude de acceso á información.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

Segundo. Con data do 16 de maio de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 12 de xuño de 2023 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo indícase que tras a solicitude de acceso á información, requiriuse á interesada para que acreditase a súa condición de interesada no procedemento administrativo. XXX con datas do 20 e 30 de marzo de 2023, reiterou a súa petición de información, sen acreditar a súa condición de interesada, condición que lle foi requirida novamente con data do 21 de marzo de 2023, polo que con data do 12 de abril de 2023, dado que a documentación requirida non foi presentada, impide continuar coa súa solicitude.

Con data do 8 de xuño de 2023 o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de Lugo, remitiulle comunicación á interesada coa que adxunta enlace onde poderá descargar a información solicitada.

Considera o informe que o réxime xurídico aplicable á súa solicitude, que se refire a un procedemento de avaliación ambiental, é o establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, polo que de acordo coa disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013, considera que debe inadmitirse a reclamación presentada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as

reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda resolveu a solicitude con data do 12 de abril de 2023, aceptada no mesmo día e a interesada interpuxo a reclamación con data do 10 de maio de 2023, polo que debe admitirse a mesma por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

XXX solicitou á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda acceso e copia- aos expedientes relativos aos proxectos para a execución ou ampliación de explotacións gandeiras de determinadas entidades.

A Consellería, a través da Xefatura Territorial competente, solicitoulle que acreditase a súa condición de interesada no expediente, e tras non terse feita esta acreditación, ditou resolución na que finaliza o procedemento por desistencia da solicitante, ao non ter acreditada a súa condición de interesada no expediente de acordo co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Como xa manifestou esta Comisión en numerosas resolucións, o concepto de interesado en materia de transparencia, ten unhas peculiaridades respecto do concepto de interesado nun procedemento administrativo. De acordo co disposto no artigo 12 da Lei 19/2013, o dereito de acceso á información pública recoñécese a todas as persoas, polo que é suficiente con acreditar a identidade do solicitante (artigo 17.2), non existe obriga de motivar a solicitude (artigo 17.3) e se o interesado o fai, a motivación poderá ser tida en conta cando se dite a resolución, sen que a ausencia de motivación, por si soa poida ser causa de rexeitamento da solicitude.

Por tanto, é irrelevante que a solicitante de información pública teña ou non relación coa administración, coa materia da que solicita información, ou o seu lugar de residencia. O dereito de acceso á información pública non vén determinado polo feito dun interese concreto ou específico do solicitante, nin está condicionada á acreditación da súa condición de interesada, debendo calquera solicitude cuxa materia non estea excluída ou limitada no seu acceso pola normativa vixente, ser resolta non senso de conceder o acceso á información, porque a transparencia implanta no ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a solicitar dos seus gobernantes, das súas Administracións e de calquera entidade que manexe fondos

públicos, calquera información pública que xulgue oportuna. De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada pola interesada, ao ser a resolución do 12 de abril de 2023 pola que se ten por desistida á solicitante, e contra a que se presentou a reclamación, contraria á normativa de acceso á información.

No informe remitido pola Consellería consta que a pesares da notificación da resolución pola que se ten por desistida á solicitante, se lle remitiu con data do 8 de xuño de 2023, resolución pola que se lle da acceso á documentación solicitada mediante un link. Ante esta incongruencia administrativa, na que por medio dunha resolución se lle ten por desistida, e unha posterior se lle da o acceso ao solicitado, debe dársele á interesada a posibilidade de que se considera que a información á que se lle da acceso non é a solicitada, ou esta non está completa, poida presentar reclamación ante esta Comisión respecto da información que non teña a consideración de ambiental.

Respecto das consideracións que figuran no informe da Xefatura Territorial en base ás cales se considera que debe inadmitirse a reclamación ao tratarse o solicitado de información ambiental, non se pode compartir. De conformidade co disposto na Disposición Adicional Primeira da Lei 19/2013, deben tramitarse, ao ter a información ambiental prevista un réxime xurídico específico, tanto no procedemento de acceso á información como nos procedementos de recurso, pola súa normativa específica, e supletoriamente, no non previsto, pola normativa en materia de transparencia.

A Lei 19/2013 ten un carácter supletorio respecto daquelas materias que teñan unha regulación específica de acceso á información, como sucede no caso da información ambiental, que se atopa regulada na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente.

O artigo 2.3 desta Lei considera información ambiental toda información en forma escrita, visual, sonora, electrónica ou en calquera outra forma que verse sobre o estado dos elementos do medio ambiente (aire, atmosfera, auga, o chan etc..) os factores, tales como substancias, enerxía, ruído etc que afecten ou poidan afectar os elementos do medio ambiente citados anteriormente, as medidas, incluídas as medidas administrativas, como políticas, normas, plans, programas e acordos en materia de medio ambiente, os informes sobre a execución da lexislación ambiental, o estado da saúde e seguridade das persoas, condicións de vida humana, bens do patrimonio histórico, cultural e artístico e construcións.

Dentro da información solicitada que consta no expediente, figura información, como a referida a xestión de residuos ou o anexo de xustificación ambiental, que debe considerarse de tal carácter, e por tanto o seu acceso debe rexerse polo disposto na Lei 27/2006, sen que esta Comisión teña competencia para revisar a súa tramitación e resolución. Sen embargo,

hai nos expedientes solicitados, documentación que non ten tal carácter, como a memoria urbanística, presupostos, medicións, planos de situación, certificados de superficie, cálculos luminotécnicos, eléctricos, controis de calidade, entre outros, que non se pode considerar información ambiental, polo que o acceso aos mesmos debe rexerse pola normativa xeral de Transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 10 de maio de 2023, contra a Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de data 12 de abril de 2023, polo que se ten por desistida da súa solicitude de data 10 de marzo de 2023, de acceso e copia a diversos expedientes relativos a proxectos de execución de explotacións gandeiras enumerados no seu escrito.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.